

festival
galego de curtas



festival galego de curtas
do 26 ao 30 de abril
concello de sada

www.festivaldecurtasdesada.com

PROGRAMACIÓN E ACTIVIDADES

PIXEL



O FESTIVAL

O Festival de Curtas de Sada é unha cita que pretende ser un escaparate para o audiovisual galego. Naceu como un proxecto que pretendía ser unha nova plataforma para dar a coñecer os traballos de diferentes realizadores galegos dentro do formato das curtametraxes, impulsando así a creación artística audiovisual e a cultura do cine na nosa localidade e na Comunidade Autónoma en xeral.

Por outra banda, o Festival de Curtas de Sada ten como obxectivo principal o de achegar o mundo do audiovisual ós cidadáns da vila, a través da proxección de curtas actuais seleccionadas, e de actividades didácticas complementarias. É, por tanto, un proxecto con clara vocación cultural que pretende favorecer tanto o traballo das persoas e entidades involucradas no proceso creativo, como o achegamento da cultura á maior poboación posible.

Por último podemos destacar o interese turístico da proxección da imaxe de Sada a través do mundo audiovisual, unida á difusión das curtas premiadas.





PROGRAMACIÓN E XURADO

O festival galego de curtas do concello de sada consta da seguinte programación

1. PROXECCIÓNS DAS CURTAS Á CONCURSO
2. OBRADOIROS DE CREACIÓN AUDIOVISUAL
3. GALA DE ENTREGA DE PREMIOS

O xurado está composto polos seguintes membros:

Gabriela Castro,
concelleira de cultura

Xoán Costa,
presidente da asociación socio-pedagóxica galega

Arturo López,
dramaturgo e director da compañía espello cóncavo

Sergio Modia,
presidente da asociación de usuarios de informática clásica

Alfonso Hernández,
realizador de curtametraxes de Sada

*Fernando Morán,
actor e presidente de honra do xurado como membro
participante en tódalas edicións do festival de curtas de
sada*



PREMIOS

Existen dúas categorías de premios no Festival

Premios Técnicos, que recoñecen á labor dos membros do equipo técnico das curtametraxes e que serán gañadores dun diploma ás seguintes categorías:

MELLOR GUIÓN
MELLOR BANDA SONORA
MELLOR DESEÑO GRÁFICO
MELLOR ACTRIZ
MELLOR ACTOR
MELLOR DIRECTOR
MELLOR SON
MELLOR MONTAXE
MELLOR FOTOGRAFÍA

Premios Oficiais, que recoñecen ás mellores pezas curtas das presentadas ao festival, e serán gañadoras dos premios económicos:

MELLOR CURTAMETRAXE DE ANIMACIÓN
MELLOR CURTAMETRAXE DE FICCIÓN
PREMIO DO PÚBLICO



PROXECCÍONS Á CONCURSO

As proxeccións á concurso serán exhibidas na Casa da Cultura Pintor Lloréns de Sada dende o martes 26 de abril até o venres 29 de abril, a partires das 20 horas.

A programación das proxeccións é a seguinte:

26 de abril:

Camiño da memoria, El payaso asesino, Fatum!,
Radiografía dun autor de tebeos, Missed call,
O show de...

27 de abril:

Meine Liebe, Gústame o café,
Ortegal viaxe ao centro da terra, Empatía, O dente negro,
A Residencia

28 de abril:

Freud & CO, 3 cartas, Checkout, Son do silencio,
Estereoscopía, Amistad

29 de abril:

As damas negras, Sonrisas y lágrimas, Amor ansioso,
Birdboy, El grifo



GALA DE PREMIOS

A Gala de entrega de premios terá lugar o **SÁBADO DÍA 30 DE ABRIL** no Auditorio da **Casa da Cultura Pintor Lloréns** ás **20 horas**

A gala de premios estará conducida e presentada pola actriz **ISABEL RISCO** e contará coa presenza de autoridades e membros do xurado.

Nela entregaránse os premios **TÉCNICOS** e **PREMIOS OFICIAIS**, e se proxectarán diferentes realizacións audiovisuais, entre elas as curtametraxes gañadoras.